

Á Mesa da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a modificación da Lei xeral da Seguridade Social co fin de considerar en situación de incapacidade permanente as persoas diagnosticadas de carcinoma ou de calquera outra enfermidade grave, así como o recoñecemento do dereito das persoas beneficiarias á reserva do posto de traballo (10/PNC-002447, doc. núm. 30397).

Emenda de modificación

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado que traslade ao Pacto de Toledo a necesidade de estudar a consideración de situación de incapacidade permanente a toda persoa que sexa diagnosticada dun carcinoma ou enfermidade de semellante gravidade, durante todo o período que demore o proceso de tratamento, e implicando esta consideración o dereito á reserva do posto de traballo ata a curación definitiva.”

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 18/09/2018 16:41:43

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/09/2018 16:41:49

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DA COMISIÓN 5.^a.

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. 34605, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para dotar do servizo de matrona, como mínimo un día á semana, o centro de saúde de Cerceda, incluída na orde do día da sesión que esta comisión vai celebrar o 19 de setembro de 2018 (10/PNC-002806).

Emenda de adición

Débase engadir un novo punto na parte resolutiva:

“3. Dotar o Servizo Galego de Saúde de recursos suficientes para levar a cabo o cumprimento do Plan de Atención Integral de Saúde da Muller, en todas as provincias e de xeito íntegro. “

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Luís Villares Naveira

Deputada e voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 18/09/2018 16:28:10

Luis Villares Naveira na data 18/09/2018 16:28:14



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2018 17:06
Nº Rexistro: 37025
Data envío: 18/09/2018 17:06:45.817

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego en relación coa xestión dos centros de menores dependentes da Xunta de Galicia e, concretamente, no centro de menores de Monteledo, de Ourense, con número de rexistro **34442 (10/PNC-002797)**, que será debatida na Comisión 5ª, o vindeiro 19 de setembro de 2018.

Emenda de adición

Engadir un novo punto co seguinte texto:

“Convocar a Comisión Mixta de Seguimento para ver que a Fundación Diagrama cumpre co contrato asinado.”

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2018 17:06
Nº Rexistro: 37025

Data envío: 18/09/2018 17:06:45.817

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/09/2018 17:06:13

Ana Pontón Mondelo na data 18/09/2018 17:06:18